



Galicia

Comisión Executiva

Adherida á CSI e á CES

Comunicado de Prensa

Galicia conta con 49.300 fogares onde todos os seus activos están no paro e 117.424 teñen, polo menos, á metade en situación de desemprego

Case 40.000 parados máis que hai un ano, unha taxa de desemprego case do 13 por cento e un incremento dos parados de longa duración dun 76 por cento obrigan a manter e reforzar a protección social

O estrangulamento crediticio e o sobrendebemento de empresas e familias obrigan ás administracións a dar un paso cara diante

Santiago, 29 de xaneiro de 2010. Os datos da EPA, referidos ao IV trimestre de 2009 e facilitados hoxe polo INE, reflicten a dureza, no eido económico e laboral, do ano 2009 e poñen claramente de manifesto a magnitude da recesión económica.

En termos de ocupación, Galicia rexistrou unha caída neste IV trimestre de 12.200 persoas, o que supón en termos relativos unha diminución do 1,06 por cento. No Estado a diminución foi de 224.200 persoas, un 1,19 por cento menos.

En relación a hai un ano a ocupación galega diminúe en 56.200 persoas, o 4,7 por cento, e no Estado esta baixada é de 1.210.800 persoas, un 6,1 por cento menos. Isto tradúcese nunha caída da taxa de ocupación ata o 47,7 por cento, caendo en 2,31 puntos en relación a hai un ano.

Por sexos, en relación a hai un ano, a ocupación feminina cae nun 4 por cento e a masculina nun 5,3 por cento.

Isto tradúcese en que o paro medra en Galicia, en relación ao trimestre anterior, en 6.200 persoas (3,82 por cento) e interanualmente en 39.400, un alarmente 30,5 por cento, unha porcentaxe que no Estado sube ata o 34,87 por cento.

Por sexos, o paro medra en ambos casos, interanualmente o desemprego medra nun 32,9 por cento no caso masculino e nun 28,3 por cento no feminino.

Así, a taxa de paro queda nun 12,88 por cento, fronte ao 18,8 por cento estatal. En relación a hai un ano en Galicia esta taxa medrou en máis de tres puntos.

A temporalidade, debido a que continúa a expulsión de traballadores temporais, é no IV trimestre de 2009 en Galicia do 25,82 por cento, diminuindo en relación ao trimestre anterior, dun 27,43 por cento, e caendo tamén fortemente en relación a hai un ano, do 29,9 por cento.

Por sectores, a ocupación cae en todos, en relación ao trimestre anterior. E, en comparación a hai un ano, aínda que tamén cae en todos, a baixada máis forte rexístrase na industria, onde cae en 26.700 persoas, un 12,74 por cento.

O DESEMPREGO NÚTRESE DA OCUPACIÓN, NON DA INACTIVIDADE, O QUE REFLECTE FALLA DE EXPECTATIVAS

De todo isto dedúcese que o desemprego nútrese principalmente da ocupación, non da inactividade, como ven sendo característico no mercado laboral galego, o que indica falla de expectativas.

Para UGT-Galicia, tamén resulta moi preocupante o aumento dos parados de longa duración, de máis dun ano no desemprego. Pasando de 50.100 no terceiro trimestre a 59.700 no cuarto. Pero é que en relación a hai un ano este aumento é realmente elevado, dun 76 por cento, xa que hai un ano esta cifra era de 33.900.

Seguindo coa análise da EPA, obsérvase outro dato realmente negativo e sobre o que as administracións deben tomar nota para actuar, a incidencia do paro nas vivendas familiares. A porcentaxe de fogares (con alomenos un activo) nesta comunidade onde todos os seus activos están no paro é de 6,69 (49.300 vivendas) e un 15,95 por cento dos fogares teñen, polo menos, á metade dos seus membros activos en situación de desemprego (117.424 vivendas familiares). Cunha evolución moi preocupante, xa que esta taxa era do 4,69 por cento no primeiro caso e do 12 por cento no segundo hai un ano.

MANTER A PROTECCIÓN SOCIAL, PECHAR A NEGOCIACIÓN COLECTIVA E REACTIVAR O DIÁLOGO SOCIAL

Uns malos datos que poñen en evidencia a necesidade de manter a protección social e as políticas de emprego. Mentres se mantéña o estrangulamento na concesión do crédito por parte das entidades financeiras e persista o grado de sobreendebedamento de empresas e familias ou as administracións públicas dan un paso cara adiante ou seguirá aumentando o paro.

A reforma laboral non é a solución á destrución de emprego, o problema está na estrutura produtiva. Un modelo económico desequilibrado, baseado na construción e no consumo das familias, cun tamaño moi pequeno das empresas e que xenera pouco valor engadido e unha cultura empresarial que aposta pola temporalidade constitúen un problema. A solución pasa pola recuperación económica, o cambio de modelo e a reactivación do crédito para familias e empresas.

Ademais, hai que atender á asignatura pendente dos convenios colectivos e, en materia de diálogo social, hai que abordar unha negociación para tomar medidas no camiño de incentivar a contratación, protexer os dereitos dos traballadores, facilitar o instrumento da redución da xornada laboral para que os empresarios o utilicen como alternativa á rescisión de contratos e iniciativas que melloren a cualificación e formación dirixida, sobre todos, aos máis mozos, que con maior dureza están a sufrir as consecuencias da crise.

NOTA: O VOCEIRO DESTE TEMA É O SECRETARIO DE FORMACIÓN E EMPREGO DE UGT-GALICIA, JOSÉ DOMINGO BARROS. TELÉFONO: 679451570.



Galicia

Comisión Executiva

Comunicado de Prensa

Poboación de 16 e máis anos	09/IV	Variación			
		09/III		08/IV	
		Nº	%	Nº	%
Poboación de 16 e máis anos	2.386.000	700	0,03	-2.400	-0,10
Inactivos	1.078.800	6.800	0,63	14.500	1,36
Homes	431.600	4.500	1,05	12.900	3,08
Mulleres	647.200	2.300	0,36	1.500	0,23
Activos	1.307.300	-6.000	-0,46	-16.800	-1,27
Homes	708.200	-4.500	-0,63	-14.200	-1,97
Mulleres	599.000	-1.500	-0,25	-2.600	-0,43
Ocupados	1.138.900	-12.200	-1,06	-56.200	-4,70
Homes	624.100	-6.500	-1,03	-35.000	-5,31
Mulleres	514.700	-5.800	-1,11	-21.300	-3,97
Asalariados	892.300	-11.800	-1,31	-33.800	-3,65
Con contrato indefinido	661.900	5.800	0,88	12.300	1,89
Homes	366.500	2.700	0,74	6.900	1,92
Mulleres	295.400	3.100	1,06	5.500	1,90
Con contrato temporal	230.400	-17.600	-7,10	-46.100	-16,67
Homes	113.900	-8.500	-6,94	-28.600	-20,07
Mulleres	116.500	-9.100	-7,25	-17.500	-13,06
Parados	168.400	6.200	3,82	39.400	30,54
Homes	84.100	2.000	2,44	20.800	32,86
Mulleres	84.300	4.200	5,24	18.600	28,31
Menores 25 anos	32.000	-3.700	-10,36	6.400	25,00
Nº ocupados por sectores					
Agricultura	88.600	-4.100	-4,42	-900	-1,01
Industria	182.900	-5.200	-2,76	-26.700	-12,74
Construción	117.000	-1.800	-1,52	-5.100	-4,18
Servizos	750.400	-1.200	-0,16	-23.400	-3,02



Galicia

Comisión Executiva

Comunicado de Prensa

%	09/IV	09/III	08/IV
<i>Taxa actividade</i>	54,79	55,06	55,44
<i>Homes</i>	62,13	62,53	63,31
<i>Mulleres</i>	48,07	48,21	48,23
<i>Taxa ocupación</i>	47,73	48,26	50,04
<i>Homes</i>	54,76	55,33	57,76
<i>Mulleres</i>	41,30	41,79	42,97
<i>Taxa desemprego</i>	12,88	12,35	9,74
<i>Homes</i>	11,88	11,52	8,76
<i>Mulleres</i>	14,07	13,34	10,92
<i>Menores de 25 anos</i>	31,50	31,37	23,84
<i>Taxa temporalidade</i>	25,82	27,43	29,86
<i>Homes</i>	23,71	25,17	28,38
<i>Mulleres</i>	28,28	30,06	31,60

Taxas representativas da incidencia do paro en vivendas con a lo menos un activo, por % parados	IV Trimestre 2009 %	III Trimestre 2009 %	IV Trimestre 2008 %
Todos os activos son parados (%)	6.69	6.03	4.69
A lo menos a metade dos activos son parados (%)	15.95	15.37	12.00